

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIMIANZO E A ENTIDADE SOCIEDADE DEPORTIVA SONEIRA CLUB DE FÚTBOL

En Vimianzo

ASINANTES:

Dunha parte, Mónica Rodríguez Ordóñez, alcaldesa do Concello de Vimianzo, que actúa en nome e representación do Concello de Vimianzo, con NIF P1509300H de conformidade co que dispón o artigo 21.1.b) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, asistida do secretario, Francisco Javier Novoa Juárez, que dá fe do acto.

E doutra José Alfonso Miñones Oreiro, como presidente/a da entidade Sociedade Deportiva Soneira Club de Fútbol, con NIF G15523665, e con domicilio social en Urroa, 16 - Vimianzo.

As dúas partes recoñécense entre si a capacidade xurídica suficiente e o poder bastante para obrigar-se neste convenio e, para este efecto,

EXPOÑEN:

- I. Que o Concello de Vimianzo, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, pode promover actividades e prestar os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal nos termos establecidos no artigo 25 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL). En todo o caso, exercerá como competencia propia, nos termos da lexislación do Estado e das comunidades autónomas, a materia de promoción do deporte.
- II. A Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS), no seu artigo. 2.1, entende por subvención toda a disposición monetaria realizada polas entidades que integran a Administración local a favor de persoas públicas ou privadas e que cumpra os seguintes requisitos: que a entrega se realice sen contraprestación directa das persoas beneficiarias, que a entrega estea suxeita ao cumprimento dun determinado obxectivo, á realización dunha actividade, para o que a persoa beneficiaria deberá cumprir as obrigas materiais e formais que se establecesen, e que a conduta ou situación financiada teña por obxecto o fomento dunha actividade de utilidade pública ou de promoción dunha finalidade pública.
- III. O obxecto das subvencións reguladas na Ordenanza xeral de subvencións do Concello de Vimianzo na súa área de Deportes é a de gastos de organización de actividades deportivas ou relacionadas coa promoción do deporte. Tamén se recolle no PES 2024-2026 dentro das liñas estratéxicas de actuación a Liña 2: Subvencións en materia de promoción do deporte: "Organización de actividades deportivas ou relacionadas coa promoción do deporte, preferentemente cando se trate de actos excepcionais, de gran transcendencia ou vinculados ás tradicións locais, fomento da educación física e das prácticas deportivas."
- IV. Que o Concello de Vimianzo entende que a actividade da entidade Sociedade Deportiva Soneira Club de Fútbol é de interese xeral para o conxunto da comunidade e, en consecuencia, a BASE 62. SUBVENCIONS NOMINATIVAS PARA O EXERCICIO ECONOMICO das Bases de Execución do Orzamento do Exercicio 2026, recolle unha subvención de carácter nominativa a favor desta entidade por un importe de 19.000,00 €, coa finalidade de contribuír á realización da actividade deportiva.
- V. Que a LXS dispón no seu artigo 22.2 que poderán concederse de forma directa as subvencións recollidas nominativamente nos orzamentos, nos termos establecidos nos

convenios e na normativa reguladora destas subvencións, e o artigo 28 establece que os convenios serán o instrumento habitual para canalizar estas subvencións.

Unha vez que se comprobou o cumprimento dos requisitos establecidos na Ordenanza xeral de subvencións e na base 62 das Bases de Execución do Orzamento do Exercicio 2026 por parte da entidade Sociedade Deportiva Soneira Club de Fútbol e por todo o exposto, as dúas partes acordan a sinatura do presente convenio con suxeición ás seguintes

CLÁUSULAS:

PRIMEIRA.- Obxecto

É obxecto do presente convenio regular a colaboración entre o Concello de Vimianzo e a Sociedade Deportiva Soneira Club de Fútbol coa finalidade de contribuír ao fomento da práctica deportiva, moi especialmente da práctica do fútbol, a desenvolver na anualidade 2026.

SEGUNDA.- Actuacións que corresponden ao Concello de Vimianzo.

O Concello de Vimianzo comprométese a:

1. Outorgar unha transferencia corrente por importe de 19.000,00 €, con cargo á aplicación orzamentaria 341.48102.
2. Comprobar o cumprimento de todas as estipulacións establecidas neste convenio e no marco xurídico definido na LXS.

TERCEIRA.- Obrigas da beneficiaria

A entidade Sociedade Deportiva Soneira Club de Fútbol comprométese:

- A destinar os fondos achegados polo Concello de Vimianzo á finalidade do fomento da práctica do fútbol entre a poboación do municipio de Vimianzo, prestando especial atención aos seguintes colectivos:

- Grupo de idade maior de 18 anos de xénero masculino.
- Grupo de idades comprendidas entre os 5 e os 18 anos e que abranguen ás categorías base dende a prebenxamín ata a xuvenil.
- Apoio e fomento do deporte feminino mediante a creación e mantemento de equipos de categoría feminina.

- A presentar a solicitude da axuda xunto coa sinatura do presente convenio.

- A presentar a documentación xustificativa desta nos termos establecidos nas cláusulas deste convenio.

- A conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos recibidos, en tanto que poidan ser obxecto das actuacións de comprobación e control.

- A reintegrar os fondos percibidos nos supostos que procedan.

- A que todo o persoal adicado á realización das actividades que impliquen contacto habitual con menores cumpre co requisito previsto no artigo 13.5 da Lei orgánica 1/1996, do 15 de xaneiro, de protección xurídica do menor, para o que asina a declaración responsable que está incluída no formulario de solicitude.

- A que a comunicación e a produción escrita e oral (cartelaría, publicidade oral e escrita, redes sociais, etc.) de toda a actividade subvencionada polo Concello de Vimianzo deberá estar en lingua galega.

- En relación á **publicidade e difusión** a entidade beneficiaria comprométese a:

- Incluir o logo do concello de Vimianzo en todos os soportes de difusión das actividades subvencionadas (carteis, dípticos, ou calquera outro soporte de difusión empregado) facendo

constar ao seu carón o texto: "Actividade subvencionada polo Concello de Vimianzo".

- No caso de que a entidade posúa páxina web propia, deberá colocar en lugar visible o logo do Concello de Vimianzo.
- Na difusión das actividades subvencionadas en **redes sociais** (instagram e facebook), deberán incluír ou **mencionar** nas súas entradas ao concello de vimianzo da seguinte maneira **@concellovimianzo**.
- Sen prexuízo doutras accións publicitarias e informativas que desenvolva a entidade deportiva, **é obrigatorio que o logotipo do Concello de Vimianzo conste na indumentaria deportiva oficial do club**, en idénticas condicións de visibilidade que o resto de logotipos, se os houber.

CUARTA.- Gastos subvencionables

Considéranse gastos subvencionables aqueles que de xeito indubidable respondan á natureza da actividade obxecto da subvención como gastos de: persoal (directamente vinculado coa actividade); transporte, aloxamento e manutención en competición; licenzas e cotas de participación; material deportivo específico; seguros e outros gastos xerais dentro das porcentaxes recolleitas no apartado a) desta cláusula.

En todo o caso, debe acreditarse de maneira fidedigna no correspondente xustificante de gasto que o dito gasto está directamente relacionado coa actividade.

Considerarase gasto realizado o que foi efectivamente pagado antes de finalizar o período de xustificación.

Só serán subvencionables os gastos correntes realizados no período de vixencia do convenio, incluíndo os efectuados con anterioridade á súa sinatura.

En ningún caso o custo de adquisición dos gastos subvencionables poderá ser superior ao valor de mercado. E ademais, a entidade beneficiaria non poderá contratar servizos ou subministracións con persoas ou entidades vinculadas coa primeira, agás que concorran as seguintes circunstancias:

- Que a contratación se realice de acordo coas condicións normais de mercado.
- Que se obteña a autorización previa do órgano concedente do seguinte modo:
 - Solicitud por parte da interesada con carácter previo á execución da actividade subvencionada.
 - Acordo do órgano concedente, anterior á execución da actividade subvencionada, estipulando a/s terceira/s persoas coa/s que se contratará e o/s servizo/s que se recibe/n.

Poderase subcontratar ata o 50% do importe da actividade subvencionada. Porén, o réxime de subcontratación suxeitarase ao seguintes límites:

- No caso de subcontratacións nos supostos previstos nos apartados a), b),c) e e) do artigo 29.7 da LXS, non se admitirá a subcontratación en ningún caso.
- No caso de subcontratacións con entidades que non sexa con entidades vinculadas, para supostos distintos do apartado anterior e a subcontratación supere o 50% establecido nesta cláusula, admitiranse coma gasto subvencionable só ata o 50% do gasto que finalmente se considere subvencionable e sempre que non se incremente coa subcontratación o custo da actividade subvencionada agás que este incremento lle supoña un valor engadido á actividade que deberá ser acreditado.
- No caso de subcontratacións con entidades vinculadas, deben observarse os requisitos previstos nos apartados precedentes e ser autorizada a subcontratación polo órgano concedente da subvención sempre que se acredite que se efectúa a prezos de mercado.

Con todo o sinalado nos apartados anteriores, naqueles casos nos que o importe subcontratado supoña una porcentaxe significativa do conxunto do gasto avaliarase a posibilidade de non admitir o resto dos gastos por incumprimento do fin para o que se concedeu a subvención.

En relación cos gastos indirectos ou gastos xerais da entidade serán subvencionables en función dos seguintes criterios:

- a) No caso de que se financien actividades ou proxectos concretos da entidade, só se poderán imputar á conta xustificativa gastos xerais da entidade ata un 20% do orzamento da actividade presentado coa solicitude, ou do gasto executado se é menor, acreditando estes cos correspondentes xustificantes de gasto e a acreditación do pagamento efectivo deles. Con todo, a entidade poderá optar por imputar como gastos xerais ata un 10% do importe do gasto executado sen necesidade de presentar ningún xustificante. Neste caso non se poderán imputar na conta xustificativa ningún outro gasto de carácter xeral salvo que se acredite de maneira fidedigna nos xustificantes de gastos de que se trata dun gasto directo e necesario para o desenvolvemento da actividade. En ningún caso caberá combinar ambas as posibilidades.
- b) Os gastos financeiros, os gastos de asesoría xurídica ou financeira, os gastos notariais e rexistrais e os gastos periciais non poderán ser considerados gastos indirectos e serán subvencionables só no caso de que se traten de gastos directamente relacionados coa actividade subvencionada e sexan imprescindibles para a adecuada preparación ou execución desta.

QUINTA.- Financiamento e pagamento

A actividade financiarase en todo ou en parte coa achega municipal establecida na cláusula segunda deste convenio.

En relación co artigo 32 do Regulamento da LXS enténdese que o Orzamento xeral do Concello estableceu a achega municipal como un importe certo sen referencia a unha porcentaxe ou fracción do custo total e que, en consecuencia, queda a conta da beneficiaria a diferenza de financiamento necesario para a total execución da actividade subvencionada.

Se o custo total da actividade é inferior ao importe do financiamento público, procederá o reintegro desta polo importe que pase o custo total da actividade, de acordo co artigo 32.2 do Regulamento da LXS, aprobado polo Real decreto 887/2006, do 21 de xullo.

Esta subvención será compatible con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera administración ou ente público ou privado, sempre que non se supere o custo da actividade subvencionada, sen prexuízo do que puidese establecer a normativa reguladora das devanditas subvencións ou axudas.

De conformidade co disposto no artigo 34 do Regulamento da LXS, sendo compatible a dita achega con outras subvencións, no caso de que se produza exceso das subvencións percibidas de distintas entidades públicas respecto ao custo total da actividade e fosen compatibles entre si, a beneficiaria deberá reintegrar o exceso a favor das entidades concedentes en proporción ás subvencións concedidas por cada unha delas. No caso de que o Concello advirta o exceso de financiamento esixirá o reintegro polo importe total do exceso ata o límite da subvención aboada en virtude deste convenio.

A achega municipal non poderá superar o déficit resultante do orzamento inicial en que se reflecta o financiamento previsto, no momento da concesión, ou o déficit final da actividade, no momento da xustificación.

Aboamento da subvención

Con carácter xeral, o recoñecemento de obrigación a favor do beneficiario e o pagamento da achega

realizaranse tras a presentación e aprobación da xustificación nos termos establecidos neste convenio. Ditarase unha resolución declaratoria da perda de dereito ao cobro total ou parcial da subvención no suposto de falta de xustificación ou de concorrencia dalgunha das causas previstas no artigo 37 da LXS.

Tamén poderán realizarse pagamentos anticipados que supoñerán entregas de fondos con carácter previo á xustificación, como financiamento necesario para poder levar a cabo as actuacións inherentes á subvención.

Neste caso, deberá ser solicitado expresamente pola entidade beneficiaria:

- a) O **60% do pago** da subvención será anticipado previa solicitude por parte do beneficiario, quedando pendente de xustificar antes do abono da contía total.
- b) O **40% restante**, aboarase unha vez presentada no Concello a documentación xustificativa.

A entidade beneficiaria poderá percibir, con carácter anticipado, o sesenta por cento (60 %) do importe da subvención. O corenta por cento (40 %) restante, pendente de aboamento, quedará retido, non procedéndose ao seu pagamento ata a previa presentación e aprobación da conta xustificativa, logo de comprobarse o cumprimento da finalidade da subvención e das restantes obrigas establecidas no presente convenio.

Non poderá realizárselle o pagamento da subvención á beneficiaria en tanto non se atope ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias co Concello, coa Axencia Tributaria e fronte á Seguridade Social, ou sexa debedor por resolución de procedencia de reintegro.

SEXTA.- Xustificación.

A. Prazo

O prazo de xustificación rematará o 15 de novembro de 2026, ou ben desde a realización dos gastos, cando a entidade realizase gastos por importe igual ou superior ao orzamento presentado.

B. Forma

Esta subvención nominativa está recollida na BASE 62. SUBVENCIONES NOMINATIVAS PARA O EJERCICIO ECONOMICO das Bases de Execución do Orzamento do Exercicio 2026 e o seu importe é inferior a 60.000 euros. Polo tanto, sobre a base do artigo 75 do Real decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da LXS, establece a conta xustificativa simplificada como a forma de xustificación.

A conta xustificativa conterá a seguinte información:

- O impreso de solicitude de xustificación (Anexo 1). Dito impreso, asinado electrónicamente, deberá estar completamente cumprimentado, indicando:

- Datos da entidade, do seu presidente e correo electrónico efectos de notificacións.
- Importe da axuda a xustificar.
- Memoria da actividade: indicando se foron realizadas todas as actividades obxecto da axuda ou se houbo algún tipo de desviación coa súa correspondente xustificación. Deberá tamén acreditar que a actividade foi realizada nas condicións impostas na concesión da subvención con indicación dos resultados obtidos e grao de cumprimento de obxectivos.
- Relación de gastos da actividade: indicando números de factura, data, provedor e importe das mesmas.
- Declaración doutras axudas ou subvencións concedidas, solicitadas e/ou percibidas e os ingresos obtidos e/ou previstos para o desenvolvemento dos proxectos/actividades solicitadas por esta entidade para este convenio.

- Ficha de competición do club (expedida na intranet da plataforma futgal)
- Certificación federativa (Anexo 2): asinada polo secretario da Federación Galega de Fútbol, onde se indique o número de equipos e número de licenzas federativas do club para a temporada obxecto da axuda.
- A documentación xustificativa que acredite o cumprimento da publicidade recollida na cláusula terceira, que sinala a colaboración do Concello no seu financiamento.
- A documentación gráfica na que se acredite a realización da actividade obxecto da axuda.
- No seu caso, a carta de pago de reintegro no suposto de remanentes non aplicados así como dos xuros derivados destes.

C. Mostraxe de xustificantes

Comprobarase, a través dos criterios de mostraxe que se indicarán a continuación, os xustificantes que se estime oportunos e que permitan obter unha/unha evidencia razoable sobre a adecuada aplicación da subvención, a cuxo fin se poderá requirir ao beneficiario, no prazo máximo de catro anos a contar desde a finalización da presentación da conta xustificativa, a chegada dos todos os xustificantes de gastos e os correspondentes pagos nos ter que se indican a continuación.

Criterios de mostraxe:

- En todo o caso comprobaranse todos os xustificantes que superen individualmente o 25 por 100 do importe da subvención concedida.
- Do resto dos xustificante comprobarase unha/unha mostra de elementos que, polo menos, supoña a seguinte porcentaxe respecto do número de elementos da relación da mostraxe:
 1. ° Ata 10 xustificantes: comprobarase o 100%.
 2. ° De 11 a 40 xustificantes: comprobarase o 50%.
 3. ° A partir de 41 xustificantes: comprobarase o 25%.

D. Requisitos dos xustificantes de gasto

Para tales efectos, deberase ter en conta sobre a xustificación do gasto as seguintes condicións:

- Xustificarse preferentemente con facturas, aínda que se poden admitir outros documentos de igual valor probatorio admitidos no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa. As facturas e os documentos xustificativos de valor equivalente deberán reunir os requisitos establecidos no artigo 6 do Real decreto 1619/2012, do 30 de novembro, polo que se aproba o Regulamento polo que se regulan as obrigas de facturación.
- No caso de facturas emitidas por persoas físicas por servizos profesionais, a beneficiaria está obrigada á retención do IRPF, nos límites e excepcións que establece a Lei e o Regulamento do imposto ou, no seu caso, debendo acreditarse o ingreso na AEAT cos modelos 111 e 190.
- No caso de que a subvención outorgada teña como destino o pago de persoas físicas que presten servizos retribuídos, pago de premios ou pago de axudas de custo, a beneficiaria está obrigada á retención do IRPF, nos límites e excepcións que establece a Lei e o Regulamento do imposto ou, no seu caso, disposicións regulamentarias en vigor, debendo acreditarse o ingreso na AEAT cos modelos 111 e 190, así como os modelos 115 e 180 nos casos de arrendamentos.
- No caso de imputarse gastos de persoal: Nóminas, serán obrigatorios os documentos RLC (Relación de Liquidación de Cotizacións) e RNT (Relación Nominal de Traballadores) debidamente validados. O RLC deberá estar selado pola oficina recadadora e/ou ir acompañado de xustificante bancario, aínda no caso de que non se imputen custos de Seguridade Social. O modelo RNT deberá ir asinado pola persoa autorizada en caso de confeccionarse

telemáticamente polo Sistema RED. Tamén serán obrigatorios o modelo 111 (trimestral) e o modelo 190 (resumo anual) acreditativo do pago á AEAT das retencións practicadas a traballadores suxeitos ao IRPF:

- Os tres orzamentos que, en aplicación do artigo 31.3 da LXS debe solicitar a beneficiaria cando o importe do gasto subvencionable supere a contía de 40.000 euros no suposto de custo por execución de obra, ou de 15.000 euros no caso de subministración de bens de equipo ou prestación de servizos.

E. Requisitos dos xustificantes de pagamento

No que se refire á xustificación dos pagos, deberase ter en conta o seguinte:

- Só se considera gasto realizado o que foi efectivamente pagado antes de finalizar o período de xustificación.
- Os documentos de gasto deben acompañarse dos documentos bancarios ou contables que acrediten a efectividade do pago. Non se aceptarán aqueles documentos de pago que, aínda sendo conformes cos requisitos formais que se expoñen máis adiante, non permitan identificar claramente o gasto da finalidade deste convenio.
- Admitiranse pagos en efectivo por importes de ata 500 euros. No caso de que o pago dun servizo estea fraccionado en varios pagos, o límite de 500 euros entenderase para o conxunto dos pagos correspondentes ao servizo, deberá achegarse o recibo no que conste que ao emisor lle foi satisfeito o importe, con identificación da factura á que corresponde, ou ben que no propio xustificante de gasto o emisor deste acredite responsablemente co NIF e a sinatura que recibiu o importe e a data en que o recibiu.
- En consecuencia, para acreditar a realización do pago de gastos superiores á citada cantidade, o sistema será a transferencia bancaria ou a domiciliación bancaria dos gastos, e deberase achegar xunto coa factura o xustificante de pago bancario (cartilla, extracto bancario, debe ou movemento bancario). Se o pago se realiza mediante talón ou cheque, deberá achegarse ademais fotocopia deste, e igualmente extracto ou movemento bancario que acredite que o destinatario o fixo efectivo.
- Estímase aconsellable que todos os pagos relacionados coa finalidade deste convenio se realicen "preferentemente" desde unha única conta bancaria da entidade; non poden subvencionarse pagos realizados con cargo a contas cuxa titularidade non sexa da entidade.
- Tamén se considerará efectivamente pagado o gasto coa cesión de crédito do dereito de cobranza da subvención a favor dos acredores por razón do gasto realizado ou coa entrega a estes dun efecto mercantil, garantido por unha entidade financeira ou compañía de seguros.

O Concello resérvase o dereito a comprobar, polos medios que considere oportunos, que a xustificación é correcta. Polo tanto, o beneficiario quedará obrigado a facilitar canta información lle sexa requirida polo servizo xestor ou a Intervención Xeral.

SÉTIMA.- Reintegro.

Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia do xuro de demora correspondente desde o momento do pagamento da subvención ata a data en que se acorde a procedencia do reintegro, nos seguintes casos:

- A obtención da subvención falseando as condicións requiridas para iso ou ocultando aquelas que a impedisen.
- Incumprimento total ou parcial do obxectivo, da actividade, do proxecto ou a non adopción do comportamento que fundamentan a concesión da subvención.

- Incumprimento da obriga de xustificación ou a xustificación insuficiente nos termos establecidos neste convenio.
- Incumprimento da obriga de adoptar as medidas de difusión contidas na cláusula terceira deste convenio.
- Resistencia, escusa, obstrución ou negativa ás actuacións de comprobación e control financeiro previstas nos artigos 14 e 15 da LXS, así como o incumprimento das obrigas contables, rexistrais ou de conservación de documentos cando diso derive a imposibilidade de verificar o emprego dado aos fondos percibidos, o cumprimento do obxectivo, a realidade e regularidade das actividades subvencionadas, ou a concorrencia de subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade procedentes de calquera administración ou entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.
- No caso da concorrencia de subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade procedentes de calquera administración ou entes públicos, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais, cando o importe do financiamento público supere o custo da actividade, no importe do exceso producido.
- No caso de xustificar fora do prazo sinalado na cláusula sexta, e tras o requirimento efectuado de acordo co sinalado no artigo 70.3 do Regulamento da LXS.
- Os demais supostos previstos na LXS, na base 62 das Bases de Execución do Orzamento do Exercicio 2026 e na Ordenanza xeral de Subvencións do Concello de Vimianzo.

OITAVA.-

A entidade Sociedade Deportiva Soneira Club de Fútbol é unha agrupación privada que por razón da actividade non queda en relación de dependencia respecto do Concello polo que este non é responsable nin directa nin subsidiariamente dos danos, tanto materiais como persoais ou morais que, por acción ou omisión de calquera clase, poidan producirse durante o desenvolvemento da actividade.

A entidade Sociedade Deportiva Soneira Club de Fútbol obrígase a ter ao día baixo a súa responsabilidade cantas licenzas e autorizacións de organismos competentes en materia de sanidade, traballo, educación, tributarias ou calquera outras, se precisen para o desenvolvemento da actividade.

NOVENA.- Vixencia do convenio.

A vixencia deste convenio será desde o 1 de xaneiro ata o 31 de decembro de 2026.

DÉCIMA.- Seguimento, vixilancia e control do convenio.

O seguimento do presente convenio de colaboración encoméndase ao servizo de Deportes do Concello de Vimianzo.

Correspóndenlle as seguintes funcións:

1. Seguimento, vixilancia e control da execución do convenio e dos compromisos adquiridos polos asinantes.
2. Resolución dos problemas de interpretación e cumprimento que poidan presentarse respecto do convenio.

UNDÉCIMA.- Causas de resolución do convenio.

Será causa de resolución do presente convenio o mutuo acordo entre as partes, así como a denuncia de incumprimento de calquera das cláusulas mediante o aviso cun comunicado previo de maneira



fidedigna no prazo dun mes desde que aquel fose detectado.

DUODÉCIMA.- Natureza.

As posibles cuestións litixiosas ou controversias a que poida dar lugar a aplicación, interpretación, modificación, efectos e resolución do presente convenio, serán resoltas de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso administrativa.

DÉCIMO TERCEIRA.- Publicidade.

O presente convenio será obxecto de publicación na base de datos nacional de subvencións (BDNS), segundo o establecido nos artigos 18 e 20 da LXS, e no Portal de Transparencia.

En proba de conformidade asinamos este convenio na data da sinatura electrónica.

A alcaldesa do Concello de Vimianzo
Mónica Rodríguez Ordóñez

O presidente da Sociedade Deportiva Soneira Club Fútbol
José Alfonso Miñones Oreiro

O secretario, dou fe,
Francisco Javier Novoa Juíz